

O enigma da proba de equitación

Parte 1



Sofía Castiñeira Mozzhuga

Aquela mañá espertei coma calquera outra, non había nada que me indicase que algo especial ía acontecer. Nese momento parecíame que todo o imposible do mundo xa acontecera. Se che digo que estou nunha escola de equitación sen clases de matemáticas nin lingua, creo que xa queda bastante claro que agora todo me parece posíbel. Ollei para a cama de Ana, a miña compañeira de cuarto, Ela xa estaba saído da cama lista para vestirse.

- Canto dormes, pareces un leirón despois de tres noites de festa rachada- di Ana cun sorriso.

- Xa, é que onte pasei a tarde cabalgando, normal que este cansada- retruqueille eu de bó humor-. Espero que o entreno de hoxe non sexa moi forte.

Non sabía o equivocada que estaba.

Cando as campás repicaron as nove da mañá, no campo de salto de obstáculo I estabamos agardando nove alumnos con canda seu cabalo. Estaba Aireia, unha moza con un largo cabelo loiro, e o seu cabalo *Arce*. Ao seu lado estaba eu xunto o meu cabalo *Lóstrego*. Ana tamén estaba alí, coa súa egua *Fermosa*. Brais e Beltrán agardaban acompañados das súas respectivas monturas, *Alma* e *Frauta*. Noa e Aldarxa estaban a discutir con Breixo, coma cada día. Os seus respectivos cabalos escoitaban pacientemente. Os seus nomes son *Noite*, *Solsticio* e *Equinoccio*. Nico estaba achegándose con *Aurelia*, a súa egua. E por fin a profesora Carla, a lomos de *Pinocho*.

Pero aquel día, Carla non deu as súas habituais ordes de comezar a quentar, senón que nos organizou por parellas para ir ao campo de entreno. Un camiño que hai que seguir, superando diferentes obstáculos.

-Este recorrido está situado na parte máxica da illa - explicou Carla -, polo que algún dos obstáculos pode ser algo fora do habitual. Pero nada que non estudárades na clase.

Como a actividade íanos levar todo o día, Carla repartiu o xantar e merenda para todos.

Cando Nico e máis eu comezamos a galopar polo comezo do sendeiro, un furacán adiantounos, eran Aldara e Breixo que marchaban a fume de carozo. Cando levábamos unha hora de camiño, chegamos ao primeiro obstáculo. Diante nosa, abríase un campo cheo de troncos. Eu coñecía aqueles troncos, hai que saltálos por enriba, pero eles farán todo o posible por deterte. En teoría non hai maior problema, pero o recorrido enteiro, hai que rematalo en menos de dez horas. Eu pasei diante moi despacio e con coidado para non tropezar, impulséime e saltei, vin como a cámara lenta, *Lóstrego* despegouse do chan só uns centímetros antes do tronco, este levantouse de súpeto e intentos bater na perda do meu cabalo. Por sorte *Lóstrego* foi máis veloz, recolleu rapidamente as pernas e aterrou no chan. Foi por nada!!!

Os seis seguintes troncos, pasámoslos bastante ben, na media do posíbel. Pero no último tronco, *Aurelia* colleu pouco impulso e caeu enriba do tronco, que lanzou a Nico ao chan uns metros máis adiante. Esta caída tivo que doer moito e, efectivamente, o nocello do rapaz doíalle moito. Cun pouco de tempo, Nico subía de novo á egua e proseguimos o camiño a través do bosque.

Parei de súpeto, levo dende que entramos no bosque escoitando pasos, coma se alguén nos seguise. Alertei ó meu compañeiro, pero el coincidiu comigo, íamos os últimos, as demais parellas adiantáranos antes de chegar ao primeiro obstáculo. Seguimos cabalgando lentamente e parándonos de cando en vez, pero cando nos parábamos, os ruídos tamén cesaban. De repente entráronme unhas ganas tolas de saír daquel bosque, pero debíamos ir lentos, pois o nocello de Nico seguíalle a doer.

Despois dun cuarto de hora máis por ese bosque entrevimos ao final do camiño un muro que non podíamos saltar, era moi alto. Exploramos o muro uns vinte metros pola dereita e outros tantos pola esquerda, pero nada nono había ningunha roca na que poder apoiarse para saltar, ningunha porta ou cancela. Comecei a desesperarme. Como podíamos ter tan mala sorte? Primeiro o nocello de Nico e agora un muro imposible de cruzar. Decidimos parar e comer algo antes de proseguir, se é que conseguíamos indagar como.

Entón Nico fixo a pregunta que eu empezaba a pensar.

-E se nos equivocamos de camiño?

-E logo viches algún desvío- retruqueille de mal humor-, que eu vira só hai este camiño.

-Pero pode que non o vísemos, non te diches conta que xa hai un cacho que non escoitamos os pasos?

- Tes razón, perdoa.

Non sabía porque, pero esta proba estábame empezando a estresar. Rematamos de comer e montamos para refacer o camiño máis atentos aos posibles desvíos. Ao cabo de dez minutos encontramos unha pequena senda de pesadores que baixaba entre as árbores. Inseguros, decidimos probar porque, en realidade, que outra opción tiñamos? Desmontamos e baixamos con cuidado e lentamente, con coidado para non esvarar. Os cabalos viñan detrás nosa. De súpeto caín. Non sei como, non tropezara, non había raíces nin pedras coas que puidera engancharme. Cando me din conta estaba rodando camiño abaixo.

Cando a caída parou estaba ó lado dunha ponte, e enriba dela había unha figutra vestida enteiramente de verde correndo cara a outra beira do río. Levanteime e votei a correr detrás da figura. Pero cando alcancei a metade da ponte, xa perdera de vista ao estraño individuo volvín atrás e vin a Nico correndo cara min. Despois de asegurarlle que estaba ben, relateille o que acababa de acontecer. Despois deste episodio fomos con máis coidado que nunca.

Cruzamos a ponte, e vimos tres posíbeis camiños, cada un co seu correspondente letreiro. No primeiro puña, "Saída 7h e 30". Esa oferta era a máis tentadora xa que no segundo cartel rezaba " Saída 8h". O último xa o descartamos por completo, xa que marcaba máis tempo do que dispoñíamos. Indecisos baixamos das monturas e intentei recordar por onde marchara a figura, pois parecía saber moi ben o que facía.

- Marchou por alá, estou segura - exclamei sinalando o primeiro sendeiro -. Pero ao mellor non deberíamos fiarnos del, pode ser que só queira enganarnos, non entendo o porque pero pode ser. Dende que cheguei aquí todo paréceme tan posíbel.

- Tes razón - meditou Nico, e de repente engadiu -. Recordas aquela clase da profesora Marta? Cando dixo que as eleccións non sempre están sinaladas cun cartel que as indica, que diga que son.

- Paréceme moi ben, pero aquí todos os camiños están marcados, así que intenta centrarte nisto, por favor!!!

- Cálmate Tare, comprendo as túas ganas de saír deste lugar, pero observa. No medio deses dous camiños hai unha senda que se adentra neses campos, tal vez esa sexa a correcta.

Vale, aquela vez paseime un pouco e ademais Nico levaba a razón, pero este lugar xa non é un simple exame. Comezo a pensar que saír deste lugar é cuestión de vida. E dende logo non me gustaría morrer nun cruce de camiños, no fin do mundo. Decidín facerlle caso ó meu compañeiro e proseguir por aquela senda.

Non sei con certeza se é a correcta, levamos camiñando unha eternidade e aínda nada, nin rastro de nada que indique se estamos no camiño correcto. Pero xusto cando ía propoñer dar a volta apareceu unha cova. Desas das películas que tanto me gustan, esas de aventuras de exploradores intrépidos. A diferenza é que agora mesmo eu non sei moi ben o que fago.

Mortos de medo adentrámonos na cova, tivemos que continuar a pé, pois do contrario bateríamos coa cabeza no teito, por desgraza isto facía o camiñar máis lento aínda, debido a que o nocello de Nico cada vez estaba peor. E, cando xa cría que nada podía ir peor, atopámonos nun corredor sen saída. Non podía ser real, e por se fora pouco, Nico caeu sen forzas ó chan. As consecuencias accidente facía que todo lle costase un mundo, ate as cousas máis simples como camiñar. Naquel momento tiven ganas de durmirme alí para sempre, non podía ser real.

Descansamos un anaco e, despois de comer algo, volvemos emprender a marcha cara atrás, torcendo no primeiro desvío. Presinto que xa queda pouco para saír deste encerro natural, pero en realidade, quen o sabe?

De repente paro en seco. De novo eses pasos. Por primeira vez na miña vida, sinto medo de verdade, non sabemos que é nin que pode querer de nós. Estou asustada e quero esconderme, facerme pequena ata desaparecer. Cun fío de voz, Nico confirma as miñas sospeitas, el tamén sente os pasos de novo. Paréceme ver a saída ó lonxe, pero cando intento camiñar cara ela, esvaécese coma un espellismo.

Conseguiremos saír da cova?
Descubriremos quen é a misteriosa figura?
Chegaremos antes do límite do tempo?
Continuará...